

**MEMORIA DO OBRADOIRO DE CREACIÓN
LITERARIA
C.P.I. DA RIBEIRA, O PORRIÑO
CURSO 2006-2007**

O CURSO

A aula coa que se traballou é un terceiro da ESO do plan de diversificación curricular. Isto quere dicir que estamos diante dun alumnado con serias eivas e deficiencias no ámbito do ensino-aprendizaxe. Trátase de once estudantes (6 rapazas e 5 rapaces) con idades que oscilan entre os dezaseis e dezaioito anos. O seu expediente está demarcado por un camiño de fracasos académicos que as máis das veces veñen dependidos pola

pouca motivación que estes/as amosan cara á educación.

Estamos diante de alumnos/as con problemas corno:

_ Expresión oral e escrita pobre e escasa ou con pexas á hora de desenvolvelas.

– A creación lingüística e literaria está limitada por anos de desleixo ora deles ora do sistema.

– Falta de interese pola lingua e polas súas manifestacións artísticas.

– Pouco creto en si mesmos, así como nas manifestacións colectivas producidas como grupo.

As sesións desenvolvéronse nun lugar especial, a biblioteca

do centro. Nun principio decidiuse partir o horario e desenvolver o obradoiro na biblioteca e na aula, pero considerouse máis preciso e valoroso a ubicación primeira. Os motivos foron varios, mais os que primaron foron o recollemento nun lugar onde o contacto cos libros fose explícito, xa que Tamos falar e construír neles, como tamén se confirmou dende a primeira sesión a comodidade á hora de traballar neste lugar. Alén disto, este espazo alíñase na programación do PDC por ser axeitado para atopar a maior pluralidade de situacións comunicativas de feito e así ir mudando de localización os estudantes, pois acadan un maior desenvolvemento académico.

OBXECTIVOS

Considerando que o obradoiro ten unha duración reducida -dez horas-, establecéronse os seguintes obxectivos que non marcamos como mínimos ou máximos por mor de experimentar co alumnado o seu rendemento.

- 1 Mellorar na lectura de textos de diferente feitío e ámbito.
- 2 Mellorar a comprensión de textos do ámbito literario e xornalístico.
- 3 Redactar textos de creación de carácter escrito e oral.
- 4 Apreciar e respectar as creacións tanto alleas como as

propias.

5 Incentivar a paixón pola escrita e polos libros.

ACTIVIDADES

As actividades realizadas durante as dez horas abrangueron diferentes aspectos e sempre se estableceron procurando que os estudantes estivesen motivados abondo.

13 marzo: A avaliación inicial consistiu na lectura colectiva do *Retrato* de Castelao e realización de exercicios tipo test sobre a comprensión lectora. Creación dunha pequena historia partindo dun texto dialogado da autoría de Roque Morteiro.

20 marzo: Posta en común dos textos da xornada anterior. Redacción dun texto xornalístico apoiado nunha noticia que deben ler. Concurso por equipos sobre o "enigma", no que deberían resolver unha sorte de adivirias.

27 marzo: Atopar as diferenzas entre dous textos que asemellan iguais. A partir dun pequeno texto no que se presentaba un personaxe ficticio (Osvaldo Vidal) deben idear a súa biografía. Despois cotexamos os resultados finais (a maioría destes foron referidos a un escritor), votaron cal foi o mellor.

10 abril: Realización de sendas descrições ás que aos alumnos/as se lle aportaba léxico específico para o seu desenvolvemento. Recompór un texto como se fose un

crebacabezas.

17 abril: Avaliación final: lectura das descrições pendentes e realización de dous xogos orais: a historia que non existe e unha competición de adiviñas.

A VALIACIÓN

Nun primeiro contacto realizouse unha avaliación inicial que consistiu na lectura dun relato de Daniel Castelao e o alumno/a debería contestar unhas preguntas de tipo test verbo da comprensión do mesmo. Alén da práctica de comprensión tamén se efectuou unha lectura compartida na que se ía analizando o nivel do estudante á hora de ler en voz alta.

Durante as sesións houbemos estudar o proceso creador e asemade o interese dos estudantes. Os traballos realizados foron postos en común, baixo a forma da lectura en voz alta.

Como avaliación final o alumnado tivo que compor un texto descritivo que se compartiu co grupo. Tamén se levou a cabo un concurso colectivo corno actividade final que nos serviu de avaliación do curso en xeral.